

## Deixa de pensar que estás soa

25 de novembro

Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

Non estás soa. A violencia contra as mulleres é un problema que nos atinxe a todas as persoas e axentes sociais que participamos dunha sociedade baseada no principio de igualdade. En Comfia-CCOO reforzamos o noso compromiso implicándonos na defensa das mulleres vítimas da violencia de xénero, a partir dos ámbitos que nos son propios, garantindo e mellorando os dereitos relativos ás condicións laborais das vítimas desta lacra social, que no que vai do ano 2007 xa deu cabo da vida de 61 mulleres (fonte: Instituto da Muller a 25/10/2007)

En COMFIA-CCOO traballamos decote para non ter que conmemorar outro 25 de novembro. **Avanzar na igualdade entre homes e mulleres é o único camiño para lograr erradicar a violencia de xénero**, é un reto difícil pero non imposible.

Se estás a padecer unha situación de violencia na casa, debes saber que te amparan unha serie de dereitos laborais que emanan da **Lei Orgánica** de medidas de protección integral contra a violencia de xénero:

- **Redución da xornada de traballo con diminución proporcional do salario.**
- **Reordenación do tempo de traballo (adaptación do horario ou horario flexible).**
- **Cambio de centro de traballo na mesma localidade ou traslado a outra distinta. Duración inicial dun ano, durante o cal a empresa terá a obriga de reservar o posto de traballo.**
- **Posibilidade de suspensión voluntaria do contrato de traballo con dereito a prestación por desemprego.**
- **Extinción voluntaria do contrato de traballo con dereito a prestación de desemprego.**
- **Recoñecemento de causa xustificada para as ausencias ou faltas de puntualidade motivadas por situacións físicas ou psicolóxicas, acreditadas polos servizos sociais ou de saúde.**
- **Protección fronte ao desemprego.**
- **Posibilidade de acceder a permisos especiais retribuídos, permitíndolle a flexibilidade indispensable, logo da solicitude xustificada a RR HH de Banco Sabadell (Acordo de Conciliación de Banco Sabadell de data 16-12-05).**
- **Acceso ao permiso especial non retribuído por asuntos persoais, sen período de carencia. (Acordo de Conciliación de Banco de Sabadell de data 16-12-05).**
- **Flexibilización dos criterios de concesión de préstamos ou anticipos, para atender situacións de necesidade. (Acordo de Conciliación de Banco Sabadell de data 16-12-05).**

**O acoso sexual no traballo é unha forma máis de violencia contra as mulleres,** que historicamente se silenciou. Pode abranguer unha ampla gama de condutas, que van desde as bromas ou comentarios degradantes para as mulleres ata o ataque sexual. No ámbito laboral, a taxa de absentismo entre as vítimas de acoso sexual é moi elevada, polo que é imprescindible que as empresas se comprometan a garantir un ambiente de traballo libre de violencia. O acoso sexual no traballo está penalizado por lei, e non debemos ser testemuñas mudas do padecemento das compañeiras que o sofren.

**Non leves os golpes ti soa, non aguantes o acoso sexual no teu centro de traballo ti soa, COMFIA-CCOO está contigo para apoiarte en todo canto sexa necesario para saíres do círculo da violencia. Acode ás delegadas e delegados de COMFIA-CCOO de Banco Sabadell deseguida, deixar correr o tempo só beneficia o agresor, mentres ti estás cada día peor.**

Enderezos de interese:

- Secretaría da Muller de CCOO de Banco Sabadell (sabadellmujer@comfia.ccoo.es): 600 312 002
- Instituto da Muller: 016
- Teléfono de información gratuíto 24 h: 900 191 010
- Teléfono de información gratuíto 24 h (DTS para mulleres xordas): 900 152 152
- TELEFONO ÚNICO DE EMERXENCIAS: 112
- Comisión para a investigación de malos tratos a mulleres (9 h a 21 h): 900 100 009

Novembro de 2007

**Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://bs.comfia.net>**

## Boletín de afiliación

Enviar a ➔ 0901-0105

Data.....

Nome e apelidos .....

DNI ..... correo electrónico .....

Dirección .....

Poboación .....

Código postal .....

Domiciliación bancaria:

Entidade \_\_\_\_\_ Oficina \_\_\_\_\_ DC \_\_\_\_\_ Conta \_\_\_\_\_

Sinatura:

### PROTECCIÓN DE DATOS:

Tus datos serán incorporados a un fichero titularidad de CCOO integrado por los ficheros pertenecientes a la confederación o unión regional correspondiente según el lugar en que radique tu centro de trabajo, a la federación del sector al que pertenezca la empresa en la que trabajes, así como - en todo caso - a la CSCCOO. En siguiente URL puedes consultar los diferentes entes que componen CCOO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. La finalidad del tratamiento de tus datos por parte de todas ellas la constituye el mantenimiento de tu relación como afiliado, con las concretas finalidades establecidas en los estatutos. Además de lo indicado tus datos pueden ser empleados por CCOO para remitirte información sobre las actividades y acuerdos de colaboración que se establezcan con otras entidades. Siempre estarás informado en la web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) de dichos acuerdos y de los datos de dichas entidades. Puedes ejercitar tus derechos de acceso, rectificación, cancelación y, en su caso, oposición, enviando una solicitud por escrito acompañada de la fotocopia de tu D.N.I. dirigida a CSCCOO con domicilio sito en la C/ Fernández de la Hoz nº 12. 28010. Madrid. Deberá indicar siempre la referencia "PROTECCIÓN DE DATOS". Si tienes alguna duda al respecto puedes remitir un email a [lpdp@cco.es](mailto:lpdp@cco.es) o llamar por teléfono al 917028077.